

**ALTOS CARGOS REPRESENTATIVOS  
DO COMITÉ DO ESPAZO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN  
VISITAN O CESGA**

**Acto:** Visita do ERAC (Comité do Espazo Europeo de Investigación) ao Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA.

**Día:** Mércores, 9 de Xuño, 2010

**Hora:** 17:30 horas

**Lugar:** Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA.

Avda. de Vigo, s/n

Campus Sur, Santiago de Compostela

**Santiago, martes 8 de xuño, 2010.** - Mañá **mércores 9 de Xuño**, ás **17:30 horas**, os membros do ERAC (Comité do Espazo Europeo de Investigación), visitarán o Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA. O ERAC é un órgano consultivo que asiste á Comisión Europea e o Consello da Unión Europea no desempeño das tarefas destas institucións no ámbito da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico; está formado por altos cargos da Comisión Europea e de órganos de investigación dos países membros.

Durante a súa visita ao CESGA, os membros do ERAC asistirán a unha presentación a cargo da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e da Dirección do CESGA contando tamén coa participación do Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia. No CESGA visitarán as instalacións que aloxan o Supercomputador FinisTerae.

O Comité está encabezado polo galego José Manuel Silva, Director Xeral de Investigación da Comisión Europea, participando ademais na visita o Secretario Xeral de Universidades, José Alberto Diez de Castro e destacados cargos do Ministerio de Ciencia e Innovación como a Directora Xeral de Cooperación Internacional e Relacións Institucionais, Monserrat Torné Escasany.

O ERAC substitúe o CREST creado a principios dos anos setenta por unha Resolución do Consello das Comunidades Europeas, substituída en 1995 por unha nova Resolución (do 28 de setembro de 1995) do Consello da Unión Europea. As actividades do ERAC foron adquirindo maior importancia debido ao aumento do protagonismo da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en Europa, recoñecido hoxe en día como un elemento importante da competitividade e o crecemento económico europeo.

Na actualidade o ERAC determina as prioridades estratéxicas para a política da UE no ámbito da investigación e desenvolvemento tecnolóxico, axudando á Comisión Europea a elaborar e enfocar os programas de investigación da UE, promove a coordinación da UE e Estados membros das súas actividades de investigación para garantir a coherencia entre a política da UE e as políticas nacionais, supervisa a avaliación independente dos Programas Marco para a Investigación da UE e os chamados Programas Específicos e contribúe á formulación da estratexia da UE para a cooperación internacional no ámbito da investigación.

## convocatoria de medios (solo gráficos)

O comité está composto por dous representantes para a política de I+D+i de cada Estado membro da UE designados polo seu Goberno e dous representantes da Comisión designados por esta, que ostenta ademais a Presidencia. Os estados asociados da UE así como os estados membros da EFTA e Israel teñen representación en ERAC como observadores.

Máis información:

<http://www.consilium.europa.eu/crest>

CESGA: 98156 9810

**Acerca do CESGA:** O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) é unha Fundación participada pola Xunta de Galicia e polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). Dende a súa creación en 1993, o CESGA ten a misión de contribuír ao avance da ciencia e a técnica mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, en colaboración con outras institucións, para beneficio da sociedade.